



IV. ENTIDADES LOCAIS IV. ENTIDADES LOCALES

Amoeiro

Anuncio

Proceso de selección de 1 auxiliar administrativo
Posto de traballo: 1 praza de auxiliar administrativo, mediante contrato temporal para obra/servizo determinado, ata o 31 de decembro de 2017.

Presentación de solicitudes: no rexistro de entrada do Concello de Amoeiro (de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres), ou ben nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Prazo de presentación: durante o prazo de cinco días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e no taboleiro de edictos do Concello.

Documentación: instancia dirixida ao Sr. alcalde acompañada da documentación acreditativa dos requisitos esixidos e dos méritos que se desexen alegar.

Requisitos e criterios de selección: de acordo coas bases aprobadas a disposición dos/as interesados/as nas oficinas do Concello e publicadas na páxina web do Concello (www.amoeiro.gal).

Amoeiro, 2 de xuño de 2017. O alcalde.

Asdo.: Rafael Rodríguez Villarino.

Anuncio

Proceso de selección de 1 auxiliar administrativo
Puesto de trabajo: 1 plaza de auxiliar administrativo, mediante contrato temporal para obra/servicio determinado hasta el 31 de diciembre de 2017.

Presentación de solicitudes: en el registro de entrada del Ayuntamiento de Amoeiro (de 9.00 a 14.00 horas, de lunes a viernes), o bien en alguno de los lugares previstos en el artículo 16.4 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Plazo de presentación: durante el plazo de cinco días hábiles contados a partir del día siguiente al de la publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense y en el tablón de edictos del Ayuntamiento.

Documentación: instancia dirigida al Sr. alcalde acompañada de la documentación acreditativa de los requisitos exigidos y de los méritos que se deseen alegar.

Requisitos y criterios de selección: de acuerdo con las bases aprobadas a disposición de los/as interesados/as en las oficinas del Ayuntamiento y publicadas en la página web del Ayuntamiento (www.amoeiro.gal).

Amoeiro, 2 de junio de 2017. El alcalde.

Fdo.: Rafael Rodríguez Villarino.

R. 1.767

Baños de Molgas

Anuncio

Unha vez aprobado o proxecto técnico de “Mellora nas instalacións de depuración nos pobos de Santa Eufemia, San Martiño, Froufe, Presqueira e Calvelo” redactado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, don Manuel Durán Fuentes expónse ó público nas oficinas deste concello, durante 20 días

hábiles contados dende o seguinte ó da inserción deste anuncio no BOP, para os efectos de exame e reclamacións.

Baños de Molgas, 19 de maio de 2017. O alcalde.

Asdo: Xaime Óscar Iglesias Pérez.

Anuncio

Una vez aprobado el proyecto técnico de “Mejora en las instalaciones de depuración en los pueblos de Santa Eufemia, San Martiño, Froufe, Presqueira y Calvelo” redactado por el ingeniero de caminos, canales y puertos, don Manuel Durán Fuentes, se expone al público en las oficinas de este Ayuntamiento, durante 20 días hábiles contados desde el siguiente al de inserción de este anuncio en el BOP, para los efectos de examen y reclamaciones.

Baños de Molgas, 19 de mayo de 2017. O alcalde.

Fdo.: Xaime Óscar Iglesias Perez.

R. 1.544

Calvos de Randín

Anuncio

Convocatoria para a contratación laboral de condutores/as de vehículos contra incendios e peóns forestais, segundo as bases aprobadas por Resolución da Alcaldía con data 22-05-2017:

1º.- Número e denominación das prazas: 5 de condutores/as de vehículos contra incendios e 12 de peóns forestais.

2º.- Modalidade de contratación: contrato laboral a xornada completa.

3º.- Duración do contrato: dous meses e medio- tres meses para os condutores/as de vehículos forestais e catro meses para os peóns forestais.

4º.- Sistema de selección: concurso de méritos.

5º.- Lugar e prazo de presentación de instancias: 10 días hábiles, contados dende o seguinte á publicación deste anuncio no BOP, -se o último día cae en sábado ou domingo, pasará ao luns seguinte-, no Rexistro do Concello de Calvos de Randín, en horario de 09.00 a 14.00 horas, ou por calquera dos medios admitidos en dereito.

No caso de presentar a instancia noutro organismo oficial, remitirá ao correo deste Concello (concello.calvosderandin@eidolocal.es) unha copia desta o mesmo día da súa presentación, debidamente selada polo organismo oficial.

6º.- Exposición das bases: o texto completo das bases de selección está publicado no taboleiro de anuncios do Concello.

Calvos de Randín, 22 de maio de 2017. O alcalde.

Asdo.- Aquilino Valencia Salgado.

Anuncio

Convocatoria para la contratación laboral de conductores/as de vehículos contra incendios y de peones forestales, según bases aprobadas por Resolución de la Alcaldía con fecha 22-05-2017:

1º.- Número y denominación de las plazas: 5 de conductores/as de vehículos contra incendios y 12 de peones forestales.

2º.- Modalidad de la contratación: Contrato laboral a jornada completa.

3º.- Duración del contrato: Dos meses y medio- tres meses para los conductores/as de vehículos contra incendios y de cuatro meses para peones forestales.

4º.- Sistema de selección: Concurso de méritos.

5º.- Lugar y plazo de presentación de instancias: 10 días hábiles, contados desde el siguiente a la publicación de este anuncio.



cio en el BOP, -si el último día cae en sábado o domingo, pasará al lunes siguiente-, en el Registro del Ayuntamiento de Calvos de Randín, en horario de 09:00 a 14:00 horas, o por cualquiera de los medios admitidos en derecho.

En el caso de presentar la instancia en otro organismo oficial, remitirá al correo electrónico de este Ayuntamiento (concello.calvosderandin@eidolocal.es) copia de la misma el mismo día de su presentación, debidamente sellada por el organismo oficial.

6º.- Exposición de las bases: el texto completo de las bases de selección está publicado en el tablón de anuncios del Ayuntamiento.

Calvos de Randín, 22 de maio de 2017. El alcalde.

Fdo.: Aquilino Valencia Salgado.

R. 1.561

Calvos de Randín

Anuncio

Convocatoria para a contratación laboral de auxiliares de axuda a domicilio, segundo as bases aprobadas por Resolución da Alcaldía con data 23-05-2017:

1º.- Número e denominación das prazas: 5 de auxiliares de axuda a domicilio.

2º.- Modalidade de contratación: contrato laboral a tempo parcial (sen xornada completa).

3º.- Duración do contrato: seis meses.

4º.- Sistema de selección: concurso de méritos.

5º.- Lugar e prazo de presentación de instancias: 10 días hábiles, contados dende o seguinte á publicación deste anuncio no BOP, se o último día cae en sábado ou domingo, pasará ao luns seguinte, no Rexistro do Concello de Calvos de Randín, en horario de 09.00 a 14.00 horas, ou por calquera dos medios admitidos en dereito.

No caso de presentar a instancia noutro organismo oficial, remitirá ao correo deste Concello (concello.calvosderandin@eidolocal.es) unha copia desta o mesmo día da súa presentación, debidamente selada polo organismo oficial.

6º.- Exposición das bases: o texto completo das bases de selección está publicado no taboleiro de anuncios do Concello.

Calvos de Randín, 23 de maio de 2017. O alcalde.

Asdo.: Aquilino Valencia Salgado.

Anuncio

Convocatoria para la contratación laboral de auxiliares de ayuda a domicilio, según bases aprobadas por Resolución de la Alcaldía con fecha 23-05-2017:

1º.- Número y denominación de las plazas: 5 de auxiliares de ayuda a domicilio.

2º.- Modalidad de la contratación: contrato laboral a tiempo parcial (sin jornada completa).

3º.- Duración del contrato: seis meses.

4º.- Sistema de selección: concurso de méritos.

5º.- Lugar y plazo de presentación de instancias: 10 días hábiles, contados desde el siguiente a la publicación de este anuncio en el BOP, si el último día cae en sábado o domingo, pasará al lunes siguiente, en el Registro del Ayuntamiento de Calvos de Randín, en horario de 09:00 a 14:00 horas, o por cualquiera de los medios admitidos en derecho.

En el caso de presentar la instancia en otro organismo oficial, remitirá al correo electrónico de este Ayuntamiento (concello.calvosderandin@eidolocal.es) copia de la misma el mismo

día de su presentación, debidamente sellada por el organismo oficial.

6º.- Exposición de las bases: el texto completo de las bases de selección está publicado en el tablón de anuncios del Ayuntamiento.

Calvos de Randín, 23 de mayo de 2017. El alcalde.

Fdo.: Aquilino Valencia Salgado.

R. 1.574

Castro Caldelas

Anuncio de aprobación definitiva

Ao non terse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de aprobación inicial da modificación das Ordenanzas: reguladora da venda ambulante e fiscal da taxa pola ocupación de terreos de uso público local para o exercicio da venda ambulante, cuxo texto íntegro se publica para cumprir co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e 17 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Contra o acordo, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interporse un recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio.

Castro Caldelas, 18 de maio de 2017. O alcalde en funcións. (Decreto 049/2017).

Asdo.: Manuel Pérez Villar.

Ordenanza reguladora da venda ambulante

Artigo 1. Obxecto.

A presente ordenanza ten por obxecto a regulación do comercio ambulante no termo municipal de Castro Caldelas, de conformidade co previsto na Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia e no Decreto 194/2001, do 26 de xullo, de ordenación da venda ambulante.

Artigo 2. Concepto e modalidades da venda ambulante.

1. Considérase venda ambulante a realizada por comerciantes fóra dun establecemento comercial permanente, de forma habitual, ocasional, periódica ou continuada, nos perímetros ou lugares debidamente autorizados, en instalacións desmontables ou transportables, incluídos os vehículos tenda.

2. No perímetro delimitado polo PXOM como núcleo urbano de Castro Caldelas, queda prohibida a venda ambulante, excepto nos días de celebración de mercados periódicos, o 3 e 18 de cada mes ou o día inmediato anterior cando estes coincidan en domingo.

3. As modalidades de venda ambulante no municipio serán unicamente as seguintes:

a. Venda ambulante en postos instalados na vía pública: aquela autorizada para un número de postos, situacións e períodos determinados.

b. Venda ambulante en mercados ocasionais: aquela autorizada en mercados esporádicos, que teñan lugar con motivo de feiras, festas ou acontecementos populares.

c. Venda ambulante mediante camiións ou vehículos tenda: aquela autorizada nos citados medios e autorizada en zonas ou lugares determinados.

4. As disposicións desta ordenanza non serán de aplicación nos seguintes casos:

a. Venda directa exercida polos agricultores do municipio limitada a súa propia produción.